

RESOLUCIÓN do 9 de novembro de 2021, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso, por promoción interna, en dúas prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, convocadas por acordo da Mesa do Parlamento do 10 de maio de 2021 (BOPG número 139, do 14 de maio de 2021).

O tribunal nomeado por Resolución da Presidencia do 8 de setembro de 2021 (BOPG número 197, do 9 de setembro de 2021) para cualificar o proceso selectivo para ingresar, por promoción interna, en dúas prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, convocadas por acordo da Mesa do Parlamento do 10 de maio de 2021 (BOPG número 139, do 14 de maio de 2021)

ACORDOU:

Primeiro.- Logo de revisar as reclamacións presentadas contra a primeira parte do primeiro exercicio e a solicitude de revisión da segunda parte do primeiro exercicio, ao abeiro do previsto na base 6.1.2 da convocatoria:

1. Manter a anulación da pregunta número 33 e substituíla pola primeira pregunta de reserva
2. Anular a pregunta número 29 e substituíla pola segunda pregunta de reserva.

De acordo co establecido na base 6.1.3 da convocatoria, para poder superar este primeiro exercicio é necesario acadar unha puntuación mínima de 15 puntos.

Segundo. A relación das puntuacións acadadas no primeiro exercicio do proceso selectivo para o ingreso, por promoción interna, en dúas prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia reflíctese no anexo a esta resolución.

Terceiro.- Esta resolución publicarase no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e na páxina web corporativa <http://www.parlamentodegalicia.gal/Institucion/ProcedementosSelectivos/>.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2021

O presidente do tribunal
Xosé Antón Sarmiento Méndez



ANEXO

PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO, POR PROMOCIÓN INTERNA, EN DÚAS PRAZAS DO CORPO ADMINISTRATIVO DO PARLAMENTO DE GALICIA

RELACIÓN DAS PUNTUACIÓNS ACADADAS NO PRIMEIRO EXERCICIO

PRIMEIRO EXERCICIO CORPO ADMINISTRATIVO DO PARLAMENTO DE GALICIA			
APELIDOS	NOME	DNI	NOTA
LÓPEZ GÓMEZ	MARINA	***6719 **	15,23
LORENZO SANTAMARÍA	MARINA IRENE	***5265**	11,10